

**PAZAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O CURSO 2020/2021****RESIDENCIAS E Nº DE PRAZAS: Total 216 prazas**

<u>CIDADE</u>	<u>TELÉFONO</u>	<u>RESIDENCIA</u>	<u>Nº PRAZAS INTERNADO</u>	<u>H/M</u>
LUGO	982 280 432	C.R. Xuvenil LUG.	74	Mixta
OURENSE	988 252 412	F.L. Cuevillas	55	Mixta
VIGO	986 290 808	Altamar	87	Mixta

Do total de prazas resérvase un 9 % de prazas para as persoas solicitantes que desempeñen unha actividade profesional, tanto por conta propia como allea. Así mesmo, do total de prazas resérvase tamén un 9 % para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen

**DURACION:** O período máximo de estadía será de 11 meses, e estará comprendido no período establecido para o curso académico 2020/2021. Exceptúanse as vacacións de Nadal e Semana Santa.

**SOLICITUDES:** ata o **21 de agosto de 2020**. Preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**REQUISITOS:**

- Nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España.
- Ter feitos os 16 anos e non superar os 30 en data 31 de decembro do 2020.
- Requisitos específicos para as persoas solicitantes estudantes:
  - Cursar estudos de formación profesional ou ciclos formativos, de bacharelato, estudos universitarios tendentes á obtención do título de grao ou equivalente, e estudos de másteres universitarios oficiais. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios nos cales a persoa solicitante non obteña a nota de corte ou puntuación académica mínima exigida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia habitual.
  - No concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar a persoa solicitante.
- Requisitos específicos para as persoas solicitantes traballadoras:
  - Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual da persoa solicitante.
  - No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida, que teña unha duración mínima de tres meses contados desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
  - No caso de ser unha persoa traballadora por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

**PREZO:** Cuarto dobre: 324 € por residente e mes. Cuarto cuádruplo: 250 € por residente e mes.

**INFORMACIÓN:**

**Xefatura Territorial da Consellería de Política Social. Servizo de Xuventude e Voluntariado**

CC Elviña. Rúa Salvador de Madariaga, 9, 1º. 15008 - A Coruña

Tel.: **881 881 238** [www.xuventude.xunta.es](http://www.xuventude.xunta.es)

**PUBLICACIÓN:** [DOG 21/07/2020](#)

**Sede electrónica (sede.xunta.gal):**

- Prazas de residencias xuvenís para estudantes: [BS303B](#)

- Prazas de residencias xuvenís para persoas traballadoras: [BS303D](#)